



# ACTIVIDADES DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA E DA SÚA ASOCIACIÓN DE AMIGOS

---

---

Presentamos, como vén sendo habitual neste apartado do Boletín *Croa*, as actividades desenvolvidas polo Museo do Castro de Viladonga e a súa Asociación de Amigos durante o período que vai de maio de 2014 a abril de 2015 nos ámbitos da conservación, investigación e difusión.

En canto ás tarefas de conservación, aínda que non se fixeron traballos de consolidación e restauración do castro, si se mantivo este libre de vexetación por medio das pertinentes rozas, permitindo así unha visión clara das estruturas e evitando a súa deterioración. Así mesmo, no Museo fíxose o seguimento continuo e rutineiro dos valores de temperatura e humidade, tanto nas salas de exposición como nas de reserva, para evitar danos nos obxectos conservados.

No eido da investigación iniciouse un programa de recollida do chamado “patrimonio inmaterial”; mediante a entrevista a persoas de idade avanzada que conservan a memoria de tempos idos procúrase recoller lendas, contos e outras informacións acerca do entorno do Castro, centrándose especialmente no patrimonio arqueolóxico.

Continuouse coa documentación e estudo dos fondos, especialmente enfocada desta volta á restauración dalgunhas pezas. Tratáronse un total de 75 pezas de cerámica, metal e pedra. Especialmente destacable foi a finalización da restauración dun gran prato de cerámica común romana.

Produciuse un incremento de fondos de en torno ás 3.450 pezas arqueolóxicas procedentes de escavacións desenvolvidas en diversos puntos da cidade de Lugo así como noutros xacementos da

provincia destacando, polo seu número, os materiais do Castro da Roda (Barreiros). Destaca tamén polo seu volume o ingreso de 159 caixas que conteñen fragmentos das pinturas murais da *domus* escavada no solar do Vicerreitorado da USC. Campus de Lugo, na praza de Pío XII. Todos estes materiais gardáronse no almacén externo do Museo, en Lugo. Ingresou tamén unha peza senlleira procedente da necrópole megalítica de Cinza da Moura (Santa Comba de Orizón, Castro de Rei), trátase dunha estela pseudoantropomorfa que quedou instalada na Sala 0 do Museo, dedicada ós materiais procedentes do entorno de Viladonga. **(Foto 1)**



(Foto 1)

En canto ó número de visitantes, recibíronse 15.100 visitas no Museo e 18.709 no Castro, notándose un certo incremento das visitas de grupos escolares que se producen maioritariamente entre os meses de abril e xuño.

En canto ás actividades de difusión e divulgación desenvoltas, ademais da edición do correspondente número do Boletín Croa, reeditáronse os trípticos e folletos divulgativos do Museo e o Castro e fíxose unha reedición renovada do conto didáctico para escolares *Un día no Castro de Viladonga*.

Como é habitual tamén se desenvolveron programas educativos, enfocados especialmente á atención ós numerosos grupos escolares que visitan Viladonga: Obradoiros arqueolóxicos e numismáticos; no Nadal, o grupo "Teatro do Miolo", representou a obriña *Catro tempos*, para os pequenos de educación infantil; no mes de maio fixéronse visitas teatralizadas ó Castro e ó Museo a cargo desa mesma compañía teatral. **(Foto 2)**



(Foto 2)

Durante todo ano sucedéronse diferentes exposicións temporais na Sala de Actos e usos múltiples do Museo producidas polo equipo do Museo en anos precedentes. Nos meses de outubro e novembro presentouse a exposición *Árbores literarias na paisaxe cultural da Terra Chá*, producida polo IES Basanta Silva de Vilalba e o Instituto de Estudos Chairegos.

Outras das actividades máis destacadas ó longo do ano son as vinculadas á celebración do Día Internacional dos Museos (18 de maio) e da Noite dos Museos, que neste 2014 cadrou coa celebración do Día das Letras Galegas o sábado 17 de maio. Contouse coas actuacións de Mini e Mero, que ofreceron unha

*Conferencia-concerto en homenaxe a Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro*, de Pepe Penabade, co espectáculo *O afiador Rodesindo da Barrosa* **(Foto 3)** e do Mago Rafa. Fíxéronse demostracións de xogos populares a cargo do Club de Bolos o Cadaval de Pacios e de recreación histórica a cargo de algunhas das asociacións que participan na festa do Arde Lucus de Lugo. Animou a Noite dos Museos o grupo de música tradicional Os Valuros de Castro de Rei e fíxose a tradicional visita nocturna ó Castro. A Asociación de Amigos colaborou coa festa ofrecendo á tardiña uns xenerosos petiscos e unha queimada ó pechar a noite.



(Foto 3)

Hai que sinalar que a estreita colaboración entre o Museo e a súa Asociación de Amigos reflíctese, ademais desta participación na Noite dos Museos, noutras tarefas que contribúen en gran medida á difusión do Museo e o Castro ó exterior, como son a preparación e distribución do Boletín Croa, o mantemento e actualización da páxina web [aavidadonga.es](http://aavidadonga.es) e a reprodución e réplica de materiais arqueolóxicos. Tamén é salientable a estreita colaboración con outras entidades culturais de Lugo e da Comarca Chairega (Club Cultural Valle-Inclán, Amigos da Feira de Castro de Rei, Instituto de Estudos Chairegos). A Asociación está tamén integrada na FEAM, -Federación Española de Amigos de los Museos- o que lle permite ter estreito contacto con outras asociacións do resto do territorio español.

Cómpre referirse tamén ó Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro, do que o Museo do Castro de Viladonga leva a tutela técnica, onde se realizaron tarefas de mantemento dos teitos de colmo das pallozas e de limpeza e reorganización dos obxectos gardados na Palloza de Campelo, que funciona como almacén e sala de usos variados.